

## CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO CONCELLO DE MUROS

1ª.- Obxecto da convocatoria. O Concello de Muros anuncia a contratación laboral temporal, en colaboración coa Excm. Deputación Provincial da Coruña, dun normalizador lingüístico ata o 30 de setembro do 2006.

2ª.- Requisitos dos aspirantes.

1) Persoa de máis de 16 anos e que non fose separado do servizo das Administracións públicas.

2) Estar en posesión do título de licenciado en filoloxía galega.

3ª.- Méritos.

1) Cursos, seminarios e xornadas de formación e outras actividades relacionadas coas funcións do posto de traballo.

2) Experiencia laboral acreditada en postos de natureza semellante.

3) Entrevista persoal sobre as aptitudes, capacitación e *curriculum* dos aspirantes.

4ª.- Funcións. Desenvolver e xestionar os programas de normalización lingüística e promoción da lingua galega no municipio.

5ª.- Presentación de solicitudes. As solicitudes acompañadas do *curriculum vitae* e fotocopia do DNI dos aspirantes dirixiranse á Sra. alcaldesa de Muros e presentaranse no rexistro xeral do Concello ata o vindeiro 8 de novembro do 2005.

6ª.- Comisión de selección. Presidenta: a alcaldesa ou concelleiro no que delegue. Vocais: o concelleiro delegado de Cultura e Mocidade de Muros; a delegada de persoal laboral do Concello; e un experto nomeado pola Alcaldía; secretario: o do Concello ou funcionario no que delegue.